



# CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYES 2016

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



## REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: 32º Rali Noia

PROVINCIA: A Coruña

DATA: 8, 9, 10 de Abril de 2016



## INDICE

### **TITULO I ....: PROGRAMA HORARIO**

### **TITULO II ....: ORGANIZACIÓN**

Art. 1 Organización

### **TITULO III ...: MODALIDADES XERAIS**

- Art. 2 Puntuabilidade
- Art. 3 Descrición
- Art. 4 Vehículos admitidos
- Art. 5 Concurstantes admitidos
- Art. 6 Solicitude de Inscripción - Inscripcións
- Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

### **TITULO IV ...: OBRIGACIÓNS XERAIS**

Art. 8 Publicidade

### **TITULO V ....: DESENROLO DA PROBA**

- Art. 9 Recoñecementos
- Art. 10 Hora Oficial do Rallye
- Art. 10 Penalizacións
- Art. 11 Premios

### **PROGRAMA DE REUNIÓNS DE COMISARIOS DEPORTIVOS**

**ANEXO I .....: LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2016 (ANUARIO F.G.A.)**

**ANEXO II .....: LIBRO DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD**

**ANEXO III ...: TERMINOLOXÍA**

**ANEXO IV ...: ENCARGADO DAS RELACIÓNS COS CONCURSANTES**

**ANEXO V ...: ORGANIZACIÓN XERAL DA SEGURIDADE**

**ANEXO VI ...: ITINERARIO – HORARIO**

**ANEXO VII ...: PARQUES PECHADOS, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA**



## 1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
05/03/2016	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	<b>Escudería Berberecho</b> Ramal de Balbargos, 5 15200 Obre (A Coruña) <a href="mailto:ralinoia@gmail.com">ralinoia@gmail.com</a> Tlf.: 695 079 870
	15:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
30/03/2016	20:00	Peche de inscricións	
31/03/2016	22:00	Publicación lista de inscritos	
01/02/03 Abril 2016	08:30 a 13:30	Distribución do libro de ruta	<b>Café Bar Labrego</b> R./ Pontevedra, 11, Noia
	09:00 a 14:00 16:00 a 20:00	Recoñecementos treitos	
08/04/2016	16:30 a 20:30	Entrega de documentación	Ofic. Permanente: Rúa do Espírito Santo, 4-2º, Noia
	17:00 a 18:00 18:31 a 19:00 19:01 a 20:00 20:01 a 21:00	<b>Verificacións Administrativas:</b> Nº 01 A Nº 38 Nº 39 A Nº 76 Nº 77 A Nº 115 Nº 116 A Nº 150	
	17:30 a 18:30 18:31 a 19:30 19:31 a 20:30 20:31 a 21:00	<b>Verificacións Técnicas:</b> Nº 01 A Nº 38 Nº 39 A Nº 76 Nº 77 A Nº 115 Nº 116 A Nº 150	
	20:00 a 22:00	Precintaxe de turbo	Parque Pechado Labarta
	23:30	Hora límite presentación vehículos no parque pechado.	
	09/04/2016	00:45	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída
07:45		Saída 1º participante 1ª sección	Parque Pechado Labarta
09:55		Chegada 1º participante 1ª sección	
10:35		Saída 1º participante 2ª sección	Parque Pechado Bertamiráns
13:25		Chegada 1º participante 2ª sección	
14:40		Saída 1º participante 3ª sección	Parque Pechado Labarta
17:35		Chegada 1º participante 3ª sección	
18:15		Saída 1º participante 4ª sección	
20:05		Chegada 1º participante 4ª sección	Talleres Noia
21:15	Verificación final e de oficio	Taboleiro oficial de avisos	
23:30	Publicación de resultados		
10/04/2016	00:30	Reparto de premios e trofeos	Coliseo Noela.Noia

**Nota: Levantamento vehículos parque pechados:** Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deveñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques pechados**, sen ter que esperar ás entregas de premios.

**No caso de chegar tarde ás verificacións, tanto administrativas como técnicas, impórase unha sanción de 30 €uros por cada hora ou fracción.**

**Entrada de vehículos de asistencia a parque de asistencia dende as 16:00 do 08/04/2016 ata as 07:00 do 09/04/2016.**

**NON SE RESERVAN SITIOS (1 coche de asistencia por vehículo participante como máximo)**



## **TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.**

Dende o día 5 de marzo de 2016 as 10:00 horas, ata o día 8 de abril de 2016 as 16:30 horas estará situado na Oficina Permanente do Rallye, emprazada na sede de Escudería Berberecho, Centro Social da Ponte Nafonso, Noia.

Dende o día 8 de abril de 2016 as 16:30 horas, ata o día 10 de abril de 2016 as 00:30 horas estará situado na Oficina Permanente do Rallye, emprazada na Rúa Espírito Santo, 4, e no Parque Pechado sito na Urbanización Irmáns Labarta, Noia.

## **2.- ORGANIZACIÓN.**

### **Artigo 1.- Organización.**

#### **Artigo 1.1.- Definición:**

A Escudería Berberecho organiza o 32º Rali Noia que se desenrolará desde o día 8 de abril ó día 10 de abril do ano 2016.

Este Rallye disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2016, as prescricións comúns para rallyes, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 17/02/2016. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-004-RA.

#### **Artigo 1.2.- Comité de Organización:**

Presidente:

D. José Javier Rodríguez Martínez

Vocais:

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Jesús Iglesias Fernández

D. José Rial Tubío

D. Ricardo Lires Corbal

D. Daniel Mella Blanco

Secretario:

D. Alvaro García Agra

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

**Escudería Berberecho**

Ramal de Balbargos, 5

15200 Obre (A Coruña)

Tlf.: 695 079 870

[ralinoia@gmail.com](mailto:ralinoia@gmail.com)

[www.ralinoia.com](http://www.ralinoia.com)

#### **Artigo 1.3. Oficiais:**

##### **Presidente Escudería/Comité Organizador:**

D. José Javier Rodríguez Martínez

CD1<sup>a</sup>-0074-GA.

##### **Comisarios Deportivos:**

Presidente:

D. Mateo Varela Fernández

CD1<sup>a</sup>-0053-GA.

D. Victoriano González Boullosa

CD-0029-GA.

D. Marcos Viñas Siso

CD-0071-GA.

##### **Observador da F.G. de A.:**

D. Santiago González Boullosa

OBS-0030-GA.

##### **Director da Carreira-Oficina:**

D. Alvaro García Agra

DC1<sup>a</sup>-0069-GA.

##### **Comisarios Técnicos:**

Presidente:

D. Roberto Estaire Olveira

JOC1<sup>a</sup>-0078-GA.

D. José Calviño Carreño

OC-0070-GA.

##### **Xefes de treito:**

Equipo A

D. Antonio Hermida Pedreira

JDA-0062-GA.

Equipo B

D. Germán Romero Ourille

JDA-0076-GA.

##### **Xefes de Seguridade vial treitos:**

Equipo A

D. Senén Martínez Troitiño

DC1<sup>a</sup>-0058-GA.

Equipo B

D. Daniel Mella Blanco

DC1<sup>a</sup>-0073-GA.

##### **Responsable Equipos Cronometraxe:**

D<sup>a</sup>. Katia Collazo Queiruga

JOB-0077-GA.



**Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":**

D. José Rial Tubío

CD1ª-0075-GA.

**Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):**

Verde

D. José Javier Rodríguez Martínez

CD1ª-0074-GA.

**Vehículo "00" (ESCOBA):**

Bermello

D. Carmelo Freire Beiro

CD1ª-0072-GA.

**Coordinador Servizos Médicos:** Responsable Médico Coches "R"

**Médicos da Proba:**

- Médico Coche "R-1"

- Médico Coche "R-2"

Servicio Informático: Escudería Berberecho

Servicio de ambulancias: Ambulancias Nordés

Centros Asistenciais:

- PAC de Noia

- PAC de Santa Comba

- Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela

- SOS Galicia.

Servicio de Grúas:

- Citova

- Desguaces Ferreiro

- Grúas Serper.

**Nota:** En cumprimento da nova normativa de expedición de licencias, o resto dos oficiais da proba comunicaranse no COMPLEMENTO 2, antes da celebración da proba.

O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

### 3.- MODALIDADES XERAIS.

#### Artigo 2.- Puntuabilidade.

O 32º Rali Noia é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- ▶ Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (Grupos N, A, X, H, T e G). Coef. (7)
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para pilotos (Grupos N, A, X, H, T e G).
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para navegantes (Grupos N, A, X, H, T e G).
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para o grupo N.
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para o grupo A.
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para o grupo X.
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para o grupo G.
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para o grupo T.
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para o grupo H.
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para Escuderías. (Grupos N, A, X, H, T e G).
- ▶ Copa de Galicia de Rallyes para marcas de pneumáticos. (Grupos N, e A).
- ▶ 7ª Copa Top Ten Pirelli
- ▶ 11º Volante FGA-Galicia
- ▶ 7ª Copa Pirelli AMF MotorSport
- ▶ 2ª Copa SeguroXdías
- ▶ 5ª Copa ELF
- ▶ 1ª Copa Rallycar-RMOParts Historic

#### Artigo 3.- Descrición.

O Rallye 32º Rali Noia consta dun percorrido de 262,400 Kms., dos cales 94,800 Kms. corresponden a 8 treitos cronometrados por estradas asfaltadas pechadas ó tráfico; está dividido en 1 Etapa e 4 seccións.

O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento.

No carné de Control, e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas e seccións así como os controles horarios, controles de paso, neutralizacións e reagrupamentos.

O Rallye terá 4 parques de traballo, e un parque de asistencia final de 10 minutos.

#### Artigo 4.- Vehículos admitidos.

En tódolos rallyes puntuables para o Campionato e Copas de Galicia serán admitidos os vehículos seguintes:



- Vehículos Grupo A ata 1600 cc. dacordo ó artigo 255 do Anexo J da FIA.
  - Vehículos Grupo A dacordo ó artigo 255 e 255A (WRC 1.6) do Anexo J da FIA.
  - Vehículos Grupo N dacordo ó artigo 254 do Anexo J da FIA.
  - Vehículos S-2000 dacordo ó artigo 254A do Anexo J da FIA.
  - Vehículos R1, R2, R3C, R3T, R3D, R4, R5 dacordo cos artigos 260, 260D e 261 do Anexo J da FIA.
  - Admitiranse os vehículos do Grupo "X", "G" e "T".
  - Os vehículos admitidos no Grupo H serán tódolos que pertenceron ó antigo "Anexo J", do ano 1981 inclusive. Os vehículos que sexan, posteriores, pero de interese para o automobilismo galego, terán que solicitala súa inclusión á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. Si foran admitidos seralle expedido o "pasaporte de histórico" correspondente.
- Ningún vehículo poderá participar en ningún rallye sen o "pasaporte administrativo" (X, G, T e H) expedido pola Federación Galega de Automobilismo.
- Os efectos de puntuación, os vehículos admitidos dividiranse nas seguintes clases de cilindrada:

GRUPO "N"			GRUPO "R"
Clase 2:	Ata 1.600 c.c.	R1A, R1B	De 1.400 c.c. ata 1.600 c.c.
Clase 3:	Máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.		
Clase 4:	Máis de 2.001 c.c.		

GRUPO "X"	GRUPO "A"	GRUPO "R"	
Clase 9:	Ata 1.000 c.c.	Ata 1.000 c.c.	
Clase 10:	De 1.001 c.c. ata 1.600 c.c.	De 1.001 c.c. ata 1.600 c.c.	R2B De 1.400 c.c. ata 1.600 c.c.
Clase 11:	Máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.	Máis de 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.	R2C, R3C, R3D De 1.601 c.c. ata 2.000 c.c.
Clase 12:	Máis de 2.001 c.c.	Máis de 2.001 c.c.	R3T, R4, R5

R-GT / GT-SERIES / GT+ / GTRALLYE / N1 / N2 / N3 / N5 (MAXIRALLY) / N6 (MAXIRALLYGALEGO)	
	GRUPO "G"
Clase 13:	Ata 2.500 c.c.
Clase 14:	Máis de 2.501 c.c.

HISTÓRICOS	
	GRUPO "H"
Clase 15:	Ata 1.600 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".
Clase 16:	Máis de 1.601 c.c. Provintes dos Grupos 1, 2, 3, 4 e 5 "Anexo J 1981".

TRACCIÓN TRASEIRA	
	GRUPO "T"
Clase 17:	Ata 2.000 c.c.
Clase 18:	Máis de 2.001 c.c.

A tódolos efectos, considérase constituída unha clase, coa saída dun so vehículo.

#### Artigo 5.- Concursantes admitidos.

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no anexo I, do Anuario Deportivo 2016, publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

#### Artigo 6.- Solicitud de inscrición-inscricións.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no 32º Rali Noia deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaría do Rallye, sita en:

#### Escudería Berberecho

Ramal de Balbargos, 5  
15200 Obre (A Coruña)  
Tlf.: 695 079 870

[ralinoia@gmail.com](mailto:ralinoia@gmail.com)

[www.ralinoia.com](http://www.ralinoia.com)



#### **ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 30 DE MARZO DE 2016**

Os datos relativos ó copiloto poden ser completados ata as 20:00 horas do día 31 de Marzo de 2016.

6.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes:

- Na conta corrente nº ES15 2100 4326 6202 0009 5475 (La Caixa, O.P. de Noia).

(Non se devolverán os dereitos de inscrición a ningún participante unha vez publicada a Lista de Inscritos).

6.4.- Admitiránse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da solicitude de inscrición, así como dos Dereitos de Inscrición, será o determinante para a confección da Lista de Inscritos. (Non se considerará inscrito ningún equipo que incumpla total ou parcialmente o s inalado no artigo 6).

#### **Artigo 7.- Dereitos de inscrición-Seguros.**

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **350,00 €.** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **700,00 €.** Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).

7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

#### **4.- OBRIGACIÓNS XERAIS.**

##### **Artigo 8.- Publicidade.**

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:


##### **Obrigatoria**

Publicarase mediante anexo

##### **Facultativa**

Publicarase mediante anexo

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes:



#### **5.- DESENROLO DA PROBA.**

##### **Artigo 9.- Recoñecementos**

9.1.- Os recoñecementos Oficiais / libres efectuaranse os días 1/2/3 de Abril de 2016, segundo o criterio que terá que establecer o Comité Organizador.

9.2.- Os recoñecementos quedan limitados a un máximo de TRES pasadas por treito cronometrado.

9.2.1.- A primeira infracción será penalizada con 5 minutos mais unha sanción económica de 300 euros, o inicio da Proba, a criterio exclusivo do Colexio de Comisarios Deportivos.

9.2.2.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", ratificada polo Colexio de Comisarios Deportivos.

9.2.3.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 9.2.1 e 9.2.2 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para apertura e incoación de expediente disciplinario no seu caso.

9.3.- Si unha Escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utiliza-lo mesmo treito por outra entidade organizadora.

9.4.- Só se poderá efectuar os recoñecementos dos treitos cronometrados un día por cada equipo participante, a escoller dentre os tres días designados polo Comité Organizador, e que será solicitado por fax polo participante ó Comité Organizador para que quede constancia, e así poder dividir 150 participantes nos tres días. Asimesmo, cada equipo terá que notificar ó Comité Organizador, a marca, modelo, cor, e matrícula do vehículo que utilizará para os citados recoñecementos.

9.5.- A velocidade máxima nos treitos a recoñecer, será en función das limitacións / sinais que existan no mesmo.



9.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico, para seguir un control rigoroso, e conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenrolo do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adopta-las medidas federativas que no seu caso procedan.

9.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, que informará e fará parte dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da Proba.

9.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará outro Comisario / Controlador, cos mesmos poderes e atribucións que o do punto anterior.

9.9.- Entregaranse unhas pegadizas transparentes e numeradas (de cor Branco) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan os recoñecementos autorizados. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo infractor.

**Artigo 10.- Hora oficial do Rallye.** Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida por Telefónica.

**Artigo 11.- Penalizacións.** As penalizacións son as previstas no regulamento-tipo xeral de rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2016.

**Artigo 12.- Premios.** Os premios e Trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros da Xeral (Piloto e Copiloto) e ó primeiro de cada clase (Piloto e Copiloto) da seguinte forma:

**Premios clasificación Xeral Scratch (Grupos N, A, X, H, T, e G):**

	Coeficiente 7
1º	1.400,00 € e Trofeo
2º	1.000,00 € e Trofeo
3º	800,00 € e Trofeo
4º	600,00 € e Trofeo
5º	425,00 € e Trofeo
6º	375,00 € e Trofeo
<b>Total</b>	<b>4.600,00 €</b>

**Premios clasificación por Clases (2 a 18):**

	Coeficiente 7
1º	200,00 € e Trofeo
<b>Total</b>	<b>2.600,00 €</b>

Resumen:

	Coeficiente 7
<b>Total premios</b>	<b>7.200,00 €</b>

Don José Javier Rodríguez Martínez, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número CD1<sup>a</sup>-0074-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Proba  
N.I.F.: 78799510S  
Licencia DC1<sup>a</sup>-0069-GA

Entidade: Escudería Berberecho  
C.I.F.: G15143662  
Fdo: Presidente D. José J. Rguez. Mtnez.  
Licencia CD1<sup>a</sup>-0074-GA



Selo de Aprobación

Fdo: Xefe de Seguridade Vial  
N.I.F.: 33202382L  
Licencia CD1<sup>a</sup>-0075-GA





## PROGRAMA - HORARIO DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	08/04/2016	16:30	SALA DE REUNIÓN DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : Rúa do Espírito Santo, 4-2º, Noia.
2ª		22:00	
3ª	09/04/2016	21:30	

### ANEXO I

#### RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIONES E RUTAS:

- 1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2016 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autonómica Única, expedidas polas Federacións Autonómicas de Automobilismo.
- 2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.
- 3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delegada aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2016, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e outros eventos:
  - A.- Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
  - B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante.
  - C.- Todo participante que non sinale na folia de inscrición o nome, apelidos, e licencia da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas nos Campionatos antes mencionados coa non autorización a tomala saída.
- 4.- Tódolos Campionatos, Copas de Galicia, e Fórmulas de Promoción, a partir da tempada 2016, inclusive, serán considerados "OPEN".

#### ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISIÓN DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reunión extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisión Delegada da Federación Galega de Automobilismo" adoptáronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1-Ratificanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federacións Autonómicas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañan do pasado 12 de Outubro.
- 2-Ratificanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no salón de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro, sobre o precio unificado e igual que terá que imperar en todas as expedicións da "Licencia Autonómica Única" polas 17 Federacións Autonómicas.
- 3-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptou de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2016, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscrición obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federación Autonómica que incumpra o acordo adoptado do precio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro no C.S.D.**
- 4-O precio de inscrición, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2016, dos titulares de licencias expedidas polas Federacións Autonómicas que non cumplan o acordo de unificación do precio de licencias **establécese en 190 euros**.
- 5-As licencias estatais da veciña Portugal serán válidas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ningún tipo de restrición.
- 6-Dito acordo será incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federación Galega de Automobilismo" 2016, e será comunicado a tódalas Federacións Autonómicas de Automobilismo do Estado español.
- 7-**Con esta medida preténdese evitar e corrixir a competencia desleal** do incumplimento que puidera derivarse do acordo de precios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo unánime dos presidentes de Federacións Autonómicas e Estatal.
- 8-É tamén de obrigado cumprimento, para a expedición de calquera tipo de "Licencia Autonómica Única", **a aportación da copia do D.N.I., ou Certificado de Empadramento, que acredite a vecindad civil aos exclusivos efectos da expedición de licencia pola Federación Autonómica correspondente.**
- 9-**A Federación Autonómica que expida licencias a deportistas, oficiais, etc, non residentes no seu territorio será obxecto de denuncia, pola "Federación Galega de Automobilismo", en tutela dos seus intereses e dereitos.**
- 10-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non serán expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, posto que, tratándose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Ley 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.  
A mencionada Ley 3/2012 establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, éstas otorgarán o seu titular a condición de membro da correspondente Federación deportiva galega, que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación deportiva correspondente, con dereito a voto nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".  
As licencias que esta Federación non pode expedir, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na "Federación Galega de Automobilismo"

## ANEXO II

### LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

#### CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba hacia abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio do libro de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-kilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior de cada páxina deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o quilometraxe e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha liña horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións muy próximas, e decir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser fácilmente identificable dende a carretera deberá aparecer entre parénteses.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre la ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encadradas, e si ai un cambio de dirección, coa frecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controles deberá ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comenzará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recadro).
- 16.- En cada dibuxo, o punto de orixe situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis debuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser fácilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- No Road-Book, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta deberá estar sinalizada con latitude e lonxitude.

#### **SUXERENCIAS:**

- 1.- Indica-la velocidade media dos Treitos de Enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do Rallye.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbano).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de liña vertical. Todo-los puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.



MODELO DE FOLLA DE LIBRO DE RUTA (ROAD-BOOK)



**32º Rali Noia**  
Abril 2016

SECCIÓN <b>1ª</b>	DENDE C.H. 1.5	PROMEDIO 34,07 Km/h
SECTOR <b>3º</b>	ATA C.H. 1.6	DISTANCIA 25,550 Km
		TEMPO 45 min.

TOTAL	PARCIAL		
10,100	00,225		15,450
11,800	01,700		13,750
12,000	00,200		13,550
15,200	03,200		10,350
15,500	00,300		10,050















